

PROGRAMACIÓN 3º ESO

Obxectivos mínimos Terceiro da ESO.

1. Coñecer os principais elementos que caracterizan a tódalas relixións e saber definir os seus rasgos esenciais.
2. Analizar que é o que diferencia á relixión de outras manifestacións humanas, mediante o estudo e comparación das mesmas, para apreciar o que aporta a relixión á vida das persoas e dos pobos.
3. Sintetizar a mensaxe evanxélica sobre o reino de Deus, mediante a análise das parábolas e dos discursos de Xesús, para descubrir o seu valor humanizador e as actitudes básicas da vida cristiá.
4. Coñecer e valorar as principais manifestacións relixiosas mediante a utilización dun procedemento para analizar unha relixión, co fin de descubrir a riqueza humana e cultural que supón a variedade de relixións, e valorar a aportación das mesmas á cultura da humanidade.
5. Analizar algúns dos problemas máis graves que padece a nosa sociedade e que lles afectan radicalmente ás persoas, tales como a fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinação e a degradación do medio natural.

AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Entendemos a avaliación non como un exercicio final que mida os coñecementos dos alumnos, senón como un proceso mediante o cal detectamos se o alumno adquiriu as capacidades expresadas nos obxectivos e competencias básicas.

Trátase, xa que logo, dunha avaliación continua, que se estende a todos os momentos da acción docente.

Nos materiais de Relixión esta avaliación continua concrétase do seguinte xeito:

* As actividades iniciais de cada unidade didáctica ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).

* As actividades de estudo inclúen numerosos exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión conxunta (avaliación formativa).

É importante insistir en que a fe do alumno non é o obxectivo da avaliación, esta deberá de respectar a intimidade da conciencia persoal, que obriga ao educador a avaliar tan só certos aspectos do ensino relixioso:

a) Á hora de establecer os contidos a preguntar nunha proba escrita deberá que valorar en igual medida a adquisición de coñecementos teórico-memorísticos procedentes das diferentes fontes como a capacidade crítica e valorativa que o alumno sexa capaz de desenvolver á hora de enfrontarse coas devanditas fontes.

b) En canto ao traballo en clase, valorarase por orde de importancia:

* Uso e elaboración de información.

* Que o contido se adecúe ao esquema proposto.

* A boa redacción, libre de faltas de ortografía.

* A orde e limpeza dos traballos.

* O sentido creativo e crítico dos alumnos.

c) No caderno de clase o alumno debe recoller todas as actividades propostas, así como as conclusións dos debates, postas en común, apuntes de clase, traballos persoais, etc. realizados durante o curso. O caderno de clase entregarase ao profesor para a cualificación de cada avaliación durante o curso así como ao remate do curso.

d) Con respecto a actitude, será conveniente avaliar se o alumno vai poñendo en práctica aquilo que é fundamental na materia: a adquisición de valores que son necesarios para unha convivencia respectuosa e harmónica cos demais, fortalecendo un espírito crítico e solidario.

Así pois os procedementos e instrumentos de avaliación constan dos seguintes indicadores:

*Tarefas realizadas no aula e a través do blogue da asignatura.

*Corrección do caderno de clase .

*Observación directa do alumno (atención, participación, traballo de grupos, comportamento, etc..)

*Análise, síntese, interpretación, produción, resolución de problemas e o uso da información.

* A responsabilidade, o esforzo, o respecto, o traballo en equipo, a participación, a tolerancia e a creatividade.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. ASISTENCIA A CLASE

Imprescindible para ter en conta o resto das variables.

2. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

Supón ata un máximo do 40% da nota.

3. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 10 % na nota.

4. TRABALLO EN EQUIPO

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 20% da nota.

6. CUADERNO DE CLASE

Supón ata un 10 % da nota.

7. ACTITUDES E COMPORTEAMENTO

Supón ata un 20%